

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No verán de 2011, en batidas autorizadas pola Xunta de Galicia para matar lobos que presuntamente atacaran unhas reses no Barbanza, a ASOCIACIÓN ANIMALISTA VOX ÁNIMA manifesta que ten a sospeita de que mataron dous cachorros que, polas súas condicións biolóxicas, non puideron ser autores de ataques ao gando.

Nestas mesmas batidas, hai informacións nos medios de comunicación sobre a decapitación dun macho adulto e cuxa cabeza puido ser empregada como trofeo, en presenza -a lo menos, co posible coñecemento- de persoal da consellería competente.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Ten coñecemento a Xunta de Galicia da matanza de cachorros en accións cinexéticas?
- 2.- Incoou algún procedemento para aclarar a decapitación deste animal?
- 3.- Ten previsto a Xunta de Galicia tomar algunha medida excepcional para evitar a repetición das situacións descritas?
- 4.- Participou algún persoal da Xunta de Galicia, presuntamente implicado na concesión de licencias de caza ilegais, nas cacerías contra lobos ou presuntos híbridos no Barbanza?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2013

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/05/2013 16:40:27

María Carmen Gallego Calvar na data 15/05/2013 16:40:35

Raúl Fernández Fernández na data 15/05/2013 16:40:37

José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/05/2013 16:40:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia